




Vía de escape

A nova vida · Lois Tobío · Edicións do Castro.
2006 · 154 páx. · 8,50 euros

EDITADA por Xosé Ramón Fandiño Vega aparece esta novela que Constanza Tobío atopu entre os papeis do seu pai en 2003, pouco despois do seu pasamento. Inzada de elementos autobiográficos (de feito, algúns poden rastrexarse nas memorias de Tobío, *As décadas de T. L.*), a novela foi quizais empezada nos anos vinte, e rematada despois de 1939, logo de que o autor e a súa dona se exilasen dende Francia a Cuba, onde precisamente a novela chega á súa fin, coa arribada do protagonista á illa. Filla logo do seu tempo, *A nova vida* ten moito de *bildungsroman*, e o seu protagonista semella emparentado co Adrián Solovio de *Arredor de si*. Sen embargo, hai algúns trazos que a singularizan e que nos fan lamentar que o seu autor non lle dedicase máis atención ao xénero narrativo. Velaí ao comezo a efectiva evocación da infancia do protagonista, e velaí os magníficos capítulos finais centrados en Vigo.

Outro tanto podemos dicir de certas estampas costumistas da vida local vi-veirense (a das descargadoras de sal, ou ese paseo matinal do porco que nos fai asomar un sorriso), e da certa economía con que se debuxan algúns dos personaxes secundarios como a sogra de Antón, ou Benigno de Pol. Novela tamén de ideas, nela reivindícase a liberdade do ser humano, no senso máis amplo que se queira imaxinar: liberdade íntima, privada, do individuo como camiño para acadar a paz interior, e liberdade pública do ser humano para construír un mundo máis xusto. Ao servizo destes obxectivos a viaxe e a busca, aínda que sexa baixo esa fórmula da emigración que sempre agocha unha derrota, poden ser unha porta aberta cara á emancipación. Unha ocasión de renacer a esa nova vida que tanto anxeia o protagonista, cuxa situación vital é unha metáfora de tantas outras situacións de opresión e alienación que as xentes seguen a padecer en tantos recantos da Terra.

// Dolores Vilavedra